



CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO CORGO, DO DÍA 9 DE XULLO DE 2015.

PRESIDENTE:

D. José Antonio Ferreiro González.

(PP)

CONCELLEIROS:

ASISTENTES:

D. Felipe Labrada Reija (PP)

D. Marcos Trashorras Reija (PP)

D^a M^a del Mar Gómez Gómez (PP)

D^a. M^a Jesús Alvarez Fole (PP)

D. Javier Cerqueiro González

(PSOE)

D. Jesús Seijas Abuín (PSOE)

D^a Marta López Abeledo (PSOE)

D. Mario Outeiro Iglesias (BNG)

D^a María Abuín Sanfiz (BNG)

D. Francisco Javier Vila Núñez

(DIC)

SECRETARIO:

D. Marco Antonio García-Gabilán

Sangil.

No salón de sesións do Concello do Corgo, ás 12:00 horas do día 9 de xullo de 2015 reúnese o Pleno do Concello co obxecto de celebrar sesión extraordinaria organizativa.

Preside o acto o Sr. Alcalde D. José Antonio Ferreiro González e asisten os concelleiros que se relacionan á marxe.

Da fe do acto o Secretario, D. Marco A. García-Gabilán Sangil.



CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

1. Toma de posesión de D^a María Abuín Sanfiz como concelleira do BNG en substitución do falecido D. Xosé Enrique Casanova Sánchez.

Comeza a sesión tomando posesión a nova concelleira D^a María Abuín Sanfiz, previa presentación da súa declaración de intereses, prometendo por imperativo legal en defensa dos intereses do Concello do Corgo e de Galicia.

De seguido dá comezo a sesión:

2. Lectura e aprobación, se procede, do borrador das actas das sesións anteriores.

Apróbanse por unanimidade os borradores das actas dos días 13 e 28 de xuño de 2015.

3. Dar conta da constitución dos grupos da Corporación.

O alcalde dá conta da constitución dos seguintes grupos políticos:

- Grupo político municipal do PP, integrado por:

D. José Antonio Ferreiro González

D. Felipe Labrada Reija

D. D. Marcos Trashorras Reija

D. D^a M^a del Mar Gómez Gómez

D. María Jesús Álvarez Fole

Actúa como portavoz do grupo político D. José Antonio Ferreiro González, e como portavoz suplente D. Marcos Trashorras Reija.

- Grupo político municipal do PSOE, integrado por:

D. Javier Cerqueiro González

D. Jesús Seijas Abuín.



CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

D^a Marta López Abeledo

Actúa como portavoz do grupo político D. Javier Cerqueiro González, e como portavoz suplente D. Jesús Seijas Abuín.

- Grupo político municipal do BNG, integrado por:

D. Mario Outeiro Iglesias

D. Xosé Henrique Casanova Sánchez

Actúa como portavoz do grupo político D. Mario Outeiro Iglesias e como portavoz suplente D. Xosé Henrique Casanova Sánchez.

Tralo pasamento do concelleiro Casanova Sánchez (q.e.p.d), este é substituído pola concelleira María Abuín Sanfiz.

- Grupo político municipal mixto, integrado polo concelleiro do DIC, Francisco Javier Vila Núñez.

O Pleno queda enterado.

4. Dar conta do nomeamento dos Tenentes de Alcalde e dos membros da Xunta de Goberno Local.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía do 3 de xullo de 2015, que literalmente di:

"DECRETO /15. O CORGO, 3 DE XULLO DE 2015

Os Tenentes de Alcalde, órganos individuais de natureza necesaria en tódolos concellos, asumen a misión específica de substituír ao Alcalde en casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Así, o art.. 23.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, establece: "os Tenentes de Alcalde substitúen, por orde do seu nomeamento, ó Alcalde, sendo libremente designados e revocados por este de entre os membros da Xunta de Goberno Local e onde esta non exista, entre os concelleiros".



CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

Á vista da norma citada e do art. 59 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 46 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, pola presente RESOLVO:

1.- Nomear Tenentes de Alcalde ós seguintes concelleiros:

D. Felipe Labrada Reija.

D. Marcos Trashorras Reija

D^a María del Mar Gómez Gómez

2.- Establecer, ós efectos de substitución na totalidade das funcións desta Alcaldía, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento, así como para desempeña-las funcións do Alcalde nos supostos de vacante, ata que tome posesión o novo titular a seguinte orde, atendendo ó seu nomeamento:

Primeiro Tenente de Alcalde: D. Felipe Labrada Reija

Segundo Tenente de Alcalde: D. Marcos Trashorras Reija

Terceiro Tenente de Alcalde: D^a María del Mar Gómez Gómez

Tal substitución, de producirse, terá en conta as salvedades previstas no art.. 47, parágrafos 2º, 3º e 4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como o límite que establece o art.. 48 deste regulamento.

3.- Nomear ós concelleiros citados membros da Xunta de Goberno Local.

4.- Manter a delegación de competencias delegadas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local por Resolución do 21 de xullo de 2003 e 23 de xuño de 2011.

5.- Publicar a parte dispositiva desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, notificar aos interesados e dar conta ó Pleno."

O Pleno queda enterado da resolución da alcaldía.

5. Adopción de acordo sobre as indemnizacións dos membros da Corporación.

Dáse conta da proposta da Alcaldía que literalmente di:



CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

"PROPOSTA SOBRE INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

O exercicio dos cargos públicos obriga, en ocasións, a realizar xestións ante outras Administracións ou Institucións con sede fóra do término municipal, o que dá lugar que se teñan que facer viaxes que han de ser compensados pola Entidade local que recibe os servizos.

Para o presente mandato 2015-2019, propoño ó Pleno adopte o seguinte acordo:

1) Polo concepto de "dieta", entendida como a cantidade que se devenga diariamente para satisfacer os gastos que orixine a estancia fóra da residencia oficial para o exercicio das funcións dos membros desta Corporación, satisfaranse as seguintes cantidades:

a) Dieta completa: 200 Euros.

b) Media dieta: 100 Euros.

2) Os gastos de locomocións que se produzan como consecuencia de desprazamentos polas citadas comisións ou xestións oficiais dispostas pola Corporación, polo seu presidente ou por outros órganos competentes, serán aboados previa presentación dos correspondentes xustificantes. No caso de uso de vehículo propio, aboarase a cantidade de 0,25 € por quilómetro percorrido.

Todo elo sen prexuízo do que se estableza anualmente no Orzamento Municipal.

O Corgo, 3 de xullo de 2015

O ALCALDE,"

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a proposta que antecede.

6. Adopción de acordo sobre as indemnizacións por asistencia ás sesións de órganos colexiados do Concello e do Consello escolar.

Dáse conta da proposta da Alcaldía que literalmente di:

"PROPOSTA SOBRE INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIA A SESIÓNS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DO CONCELLO E DO CONSELLO ESCOLAR.



CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

O art. 225.3 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establece que "só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva percibirán asistencia pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que forman parte, e na contía que sinale o Pleno dela".

No mesmo sentido se manifesta o art. 75.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispoñendo no seu pto. 3 que as Corporacións locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións ou indemnizacións que se establezan.

En base ó anteriormente exposto propoño ó Pleno adopte o seguinte acordo:

- 1) Por concorrencia efectiva dos Concelleiros ás sesións do Pleno, estes percibirán unha indemnización en concepto de asistencia de 150 €.*
- 2) Pola concorrencia efectiva ás sesións da Xunta de Goberno Local, percibirán unha indemnización de 150 €.*
- 3) Pola concorrencia efectiva as sesións da Comisión Especial de Contas, percibirán unha indemnización de 150 €.*
- 4) Pola concorrencia efectiva ás sesións da Comisión Especial de Seguimento do PXOM, percibirán unha indemnización de 150 €.*
- 5) Pola asistencia efectiva ás sesións do Consello Escolar, o representante nomeado percibirá unha indemnización de 150 €.*

O pago da asistencia ás Comisións ou Xunta de Goberno realizarase tamén os concelleiros que, non sendo membros do órgano, sexan requiridos polo Alcalde ou Presidente co obxecto de informar no relativo ó ámbito das súas actividades.

O Corgo, 3 de xullo de 2015

O ALCALDE,"

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a proposta que antecede.

7. Adopción de acordo sobre a periodicidade das sesións do Pleno.

Dáse conta da proposta da Alcaldía que literalmente di:



CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

"PROPOSTA SOBRE A FIXACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO.

O art. 46.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 11/99, de 21 de abril, establece que o Pleno do Concello celebrará sesión ordinaria como mínimo cada tres meses nos municipios de ata 5.000 habitantes.

Pola súa banda, a Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no art. 210.2, establece que aquel órgano realizará sesións ordinarias, como mínimo, cada 2 meses.

En base ó anteriormente indicado, propoño ó Pleno que adopte o seguinte acordo:

- 1) Que as sesións ordinarias do Pleno se celebren o derradeiro xoves de cada 2 meses ás, 12:00 horas da mañá comezando o derradeiro xoves de setembro, día 24.*

O Corgo, 3 de xullo de 2015

O ALCALDE,"

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a proposta que antecede, pero sinalando como data de comenzo das sesións ordinarias o 30 de xullo, xoves.

8. Adopción de acordo sobre o número de membros da Comisión especial de Contas.

Dáse conta da proposta da Alcaldía que literalmente di:

"PROPOSTA SOBRE A FIXACION DE NÚMERO DE MEMBROS DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.

Os arts. 116 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 11/99, de 21 de abril e o artigo 59.2.b da Lei 5/97, de Administración Local de Galicia (en diante LALGA), establecen que a Comisión Especial de Contas existirá en tódolos Concellos.

No mesmo sentido se regula no art. 27 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, dispoñendo que a súa constitución, composición,



CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

integración e funcionamento se axustará ó establecido nos arts. 123 e s.s. da citada norma.

A LALGA, no seu art.. 66, establece que o número de membros será proporcional á súa representatividade no concello, ou igual para cada grupo, aplicándose neste caso, o voto ponderado.

O Concello en Pleno, está formado por 5 concelleiros do Grupo Popular, 3 do Partido Socialista, 2 do Grupo político do B.N.G. e 1 do DIC, sendo a súa participación no Pleno, en términos porcentuais, a seguinte: PP: 45,45 %, PSOE: 27,27 %, BNG: 18,18 %, DIC: 9,09 %.

Propoño ó Pleno que a Comisión Especial de Contas estea integrada por 7 concelleiros, 3 do Grupo Popular, 2 do Partido Socialista, 1 do BNG e 1 do DIC.

O Corgo, 3 de xullo de 2015

O ALCALDE,"

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a proposta que antecede.

9. Adopción de acordo sobre que a Comisión Especial de Contas funcione como Comisión Permanente de Economía e Facenda.

A proposta dos concelleiros do BNG, en votación ordinaria, acórdase por unanimidade, que a Comisión Especial de Contas funcione como Comisión Permanente de Economía e Facenda.

10. Adopción de acordo sobre a continuidade da Comisión Especial de Seguimento dos traballos do PXOM e fixación do número de membros da mesma.

Dáse conta da proposta da Alcaldía que literalmente di:

"MOCIÓN SOBRE O MANTEMENTO DA COMISIÓN ESPECIAL DE SEGUIMENTO DO PXOM.



CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

O Pleno do Concello, na súa sesión do 28 de novembro de 2003, acordou a creación dunha Comisión Especial de coordinación e seguimento dos traballos de elaboración do PXOM adaptado á Lei 9/2002, cambiando o seu nome con posterioridade a Comisión Especial de seguimento dos traballos de elaboración do PXOM

Á vista de que aínda se está traballando co Plan Xeral de Ordenación Municipal, proponho ó Pleno que se adote o seguinte acordo:

- 1) Que se manteña a Comisión Especial de Seguimento dos traballos do PXOM ata a aprobación total do PXOM trala corrección dos núcleos sinalados pola Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio.*
- 2) Que esta comisión estea formada por 7 concelleiros: 3 do Grupo Popular, 2 do PSOE, 1 do BNG e 1 do DIC.*

O Corgo, 3 de xullo de 2015

O ALCALDE,"

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar a proposta que antecede.

11. Adopción de acordo sobre a asignación económica para os grupos políticos.

A proposta dos concelleiros do BNG, acórdase, por unanimidade, aprobar as seguintes asignacións económicas para os grupos políticos:

- 50 € por grupo e mes
- 20 € por concelleiro e mes

Estas asignacións pagaranse anualmente, agás neste ano 2015, que se pagarán dende o día 1 de xullo.

Non habendo máis asuntos que tratar remata a sesión ás 12:30 horas, redactándose a presente acta. Dou fe.

